

Expediente núm.: 442/2026

Actividade: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Procedemento: Seleccións de Persoal e Provisións de Postos

Asunto: Selección de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028

Categoría profesional: **Auxiliar de axuda no fogar (V)**

Sistema de selección: Concurso – Oposición

### ACTA DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DE REALIZACIÓN E VALORACIÓN DA PROBA DE COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA

Nas instalacións do Centro de actividades para maiores Os Gozos (Centro de Día) (Caseiro Gozos, 9, 32792 Os Gozos, Ourense), sendo as 19:10 horas do día **30 de abril de 2026**, constitúese o Tribunal cualificador que xulgará os exercicios das probas selectivas para o proceso selectivo de persoal laboral e creación de Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2026 – 2027 e 2028 na categoría profesional de **Auxiliar de axuda no fogar (V)**, estando presentes os membros do Tribunal que se relacionan, e unha vez advertida a existencia de quórum, queda constituído na seguinte forma:

Membros	Identidade
Presidente/a	Alejandro Martínez Sánchez
Secretario/a	Sara González Prieto
Vogal	Ana Isabel Labrador Belmonte
Vogal	Maria Sol Gómez Pérez
Vogal	Ana María Gómez Pérez

**Primeiro.-** O día 30 de abril de 2026, ás 19:15 h, procedeuse á realización da proba de coñecementos da lingua galega, que consistiu en:

- Tradución directa dun texto do castelán ao galego sen axuda de dicionario
- O tempo máximo para a realización deste exercicio establécese en 30 minutos
- Cualificación: A cualificación deste exercicio será como apta ou non apta. No caso de que esta proba de coñecemento da lingua galega non puntuable sexa cualificada como non apta, a persoa aspirante será excluída do proceso selectivo

A proba de coñecementos da lingua galega consta dos seguintes documentos:

1. Unha (1) folla identificativa na que se recollen os datos de identificación persoal das persoas aspirantes e da convocatoria
2. Unha (1) folla de exame

A folla identificativa e a folla do exame dispoñen dun sistema de codificación para garantir o anonimato das persoas aspirantes.

As persoas aspirantes non poden escribir o seu nome, nin realizar marcas, nin sinais de ningún tipo na folla do exame; en caso contrario, o exame quedará anulado. Non poden dobrar nin engurrar as follas dos exames.

Compareceron os/as seguintes aspirantes:



## CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

	Apelidos e nome	DNI aleatorio	Achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega
1	Arias Fernández, María del Pilar	**94*4*3M	Non
2	Félix Sotelo, María Reyes	**99*5*7M	Non
3	Medina Ramírez, Luz Maricela	6*1***80N	Non
4	Monteiro Santiago, Dulce	**71*0*5T	Non

**Segundo.-** A proba de coñecementos da lingua galega finalizou ás 19:30 horas.

**Terceiro.-** No día da data, o Tribunal procede a establecer a puntuación das cualificacións da proba de coñecementos da lingua galega, segundo o detalle seguinte:

	Apelidos e nome	DNI aleatorio	Achega o título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega	Cualificación
1	Arias Fernández, María del Pilar	**94*4*3M	Non	Apto
2	Félix Sotelo, María Reyes	**99*5*7M	Non	Apto
3	Medina Ramírez, Luz Maricela	6*1***80N	Non	Apto
4	Monteiro Santiago, Dulce	**71*0*5T	Non	Apto

A partir do día seguinte á publicación da presenta Acta na sede electrónica do Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>], as persoas aspirantes disporán dun prazo de tres (3) días hábiles para alegar contra a baremación da proba de coñecementos da lingua galega, fundamentándoa nos aspectos que considere oportunos.

O Presidente dá por terminada a reunión ás 20:30 horas do día 30 de abril de 2026.

O presidente

A secretaria

Os vogais